



O TERRORISMO INTERNACIONAL NO MUNDO CONTEMPORÁNEO

UNIDADE DIDÁCTICA PARA HISTORIA
DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

1º BACHARELATO



**PROXECTO EDUCATIVO "MEMORIA
E PREVENCIÓN DO TERRORISMO"
UNIDADE DIDÁCTICA Nº 5**

EDITA

Dirección Xeral de Apoio a Vítimas do
Terrorismo. Ministerio do Interior

Dirección Xeral de Cooperación de
Avaliación e Cooperación Territorial.
Ministerio de Educación e Formación
Profesional

Centro Memorial de las Víctimas del
Terrorismo

Fundación Víctimas del Terrorismo

TEXTOS

Jesús Prieto Mendaza

DESEÑO

Dr. Drumen

TRADUCIÓN

Xoel Rodríguez Martínez

FOTOGRAFÍAS

EFE

EPA

POOL

Zumapress

NIPO M. Interior: 126-20-073-2

NIPO M. de Educación e Formación
Profesional: 847-20-236-2



*Fig. 1. Un neno deixa flores en recordo das
víctimas do atentado xihadista de Niza,
onde un terrorista atropelou a multitude
que celebraba a festa nacional francesa
(19/07/2016). Fotografía: Ian Langsdon,
EFE/EPA.*



ÍNDICE

O proxecto educativo «Memoria e prevención do terrorismo» está conformado por unha serie de unidades didácticas que tratan o tema do terrorismo dende as materias de Xeografía e Historia, Psicoloxía, Historia do Mundo Contemporáneo, Filosofía e Valores Éticos.

Esta unidade é un recurso completo que o profesorado pode utilizar na aula, xa que dispón do contido que se debe desenvolver en cada unha das sesións proxectadas e da aplicación didáctica final, tal e como se incluírían nun libro de texto e sen realizar modificacións dentro da programación da materia.

04

Sesión 01

Limiar: Que é o terrorismo?

Actividade 1.
Nova ou vella, a violencia terrorista xera sufrimento

10

Sesión 02

As catro vagas de terrorismo

Actividade 2.
O terror como ferramenta política

16

Sesión 03

O nacemento do terrorismo global

Actividade 3.
World Trade Center.
O atentado que conmoveu o mundo

22

Sesión 04

O xihadismo tras a primavera árabe

Actividade 4.
Un español na explosión do Hotel Ghazala Gardens

28

Orientación para traballar os materiais

34

Referencias

SESIÓN

01





Fig. 2. Un home chora mentres busca o seu fillo, desaparecido o día anterior tras a explosión dun camión-bomba de terroristas talibán contra o Ministerio de Defensa de Afganistán (02/07/2019).
Fotografía: Hedayatullah Amid, EFE.

LIMIAR: QUE É O TERRORISMO?

O fenómeno terrorista é un problema internacional que afectou en diferente grao, e cunha distinta evolución histórica, a países de todos os continentes.

Do mesmo xeito que ocorre con outros fenómenos sociais complexos, existen varias definicións de terrorismo. Os especialistas adoitan subliñar que estamos ante unha ferramenta para impoñer pola forza un determinado proxecto político, polo que se trata de infundir medo nos opoñentes e na propia sociedade. Estes son os principais elementos que o caracterizan:

VIOLENCIA CLANDESTINA

O terrorismo actúa de forma secreta ou oculta para eludir a acción da xustiza. A clandestinidade provoca á súa vez un maior illamento e radicalismo do grupo.

XERACIÓN DUN CLIMA DE TERROR

A etimoloxía da palabra indica que *terrorismo* vén de *terror*, que é precisamente o que se pretende provocar mediante este recurso: un medo intenso entre os rivais e na sociedade en xeral.

CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS POLÍTICOS

Detrás do terrorismo hai un proxecto de poder, dirixido contra algunha institución ou organización que se pretende someter mediante o uso da forza.

IMPACTO PROPAGANDÍSTICO

Os grupos terroristas aproveitan o impacto que provocan os seus atentados, a súa repercusión a través dos medios de comunicación, para difundir as súas esixencias.

O terrorismo incide sobre diferentes áreas:

AS VÍTIMAS

Principalmente, o terrorismo afecta as persoas asasinadas, feridas, secuestradas, extorsionadas e ameazadas, así como a súa contorna (familia e amizades).

A POLÍTICA

O terrorismo viola os principios democráticos, xerando un medo que reduce as posibilidades de participación política libre e igual.

A SOCIEDADE

O terrorismo deteriora a convivencia ao atacar os dereitos humanos máis elementais.

A ECONOMÍA

Os atentados orixinan custos materiais e de seguridade.

Fig. 3. Vista xeral da estación central de trens de Boloña, devastada por unha explosión terrorista. Fotografía: Keystone Pictures, Zumapress.



Podemos distinguir catro grandes grupos de organizacións terroristas segundo a súa ideoloxía:

NACIONALISTAS RADICAIS

En Europa as máis sanguentas e duradeiras foron, por esta orde, o IRA (*Irish Republican Army*, Exército Republicano Irlandés) e ETA (*Euskadi Ta Askatasuna*, País Vasco e Liberdade). En ambos os casos os seus principais obxectivos eran separatistas. O IRA Provisional (*Provisional Irish Republican Army*) naceu en 1969 e, do mesmo xeito que o IRA Oficial, declarouse herdeiro do antigo IRA xurdido do coñecido como Alzamento de Pascua (1916). A súa actividade cesou de forma oficial no ano 2005, aínda que o seu final definitivo se data en 2008.

O IRA Provisional pretendía que Irlanda do Norte deixase de formar parte do Reino Unido, mentres que ETA perseguía a independencia do País Vasco. ETA cometeu o seu primeiro atentado mortal en 1968, un ano antes do nacemento do IRA Provisional. Por tanto, hai unha coincidencia nos seus inicios e no punto máis álxido da súa actividade: as décadas de 1970 e 1980. O anuncio do cesamento definitivo da actividade terrorista de ETA produciuse o 20 de outubro de 2011.

Fóra de Europa tamén houbo organizacións terroristas de tipo nacionalista radical, como os Tigres de Liberación do Eelam Tamil, en Sri Lanka, onde pretendían instaurar un Estado támil propio.

XIHADISTAS

É o tipo de terrorismo que segue máis en activo na actualidade. O seu obxectivo é implantar un califato baixo unha interpretación dogmática, ortodoxa e minoritaria da xaría, a lei islámica. As súas organizacións máis coñecidas son Al Qaida, fundada en 1988, e o Estado Islámico de Iraq e Levante (Daesh), que adquiriu protagonismo a partir de 2014. Estas organizacións contan con franquías rexionais, como Boko Haram en Nixeria, ligada ao Daesh. Do mesmo xeito que os Tigres de Liberación do Eelam Tamil, o terrorismo xihadista converteu a inmolación e os masacres indiscriminados nos seus principais sinais de identidade.

EXTREMA ESQUERDA

Neste caso debemos falar de organizacións como os GRAPO, *Grupos de Resistencia Antifascista Primero de Octubre*, en España; as Brigadas Vermellas en Italia; a Fracción do Exército Vermello en Alemaña e outros grupos menores, sempre co común denominador de tentar establecer a ditadura do proletariado a través de células clandestinas que empregaban a violencia. Tamén fóra de Europa se poden atopar casos doutras organizacións deste tipo, como as FARC, *Fuerzas Armadas Revolucionarias de Colombia*, ou *Sendero Luminoso* en Perú, xa non operativas.

EXTREMA DEREITA

Entre as referencias políticas deste tipo de terrorismo estaban os réximes autoritarios e fascistas que gobernaron en diferentes países ao longo do século XX, como o de Mussolini en Italia, o de Hitler en Alemaña ou o de Franco en España. Aquí o terrorismo ultradereitista estivo fragmentado en organizacións como o BVE (Batallón Vasco Español) ou a *Triple A* (Alianza Apostólica Anticomunista), e alcanzou notoriedade, sobre todo, nos anos da transición, cando quixeron desestabilizar o proceso de democratización, como ocorreu cando en 1977 un comando da extrema dereita se introduciu nun despacho de avogados laborais de Comisións Obreiras (CCOO) en Madrid, asasinando cinco persoas e ferindo outras catro. Desta época son tamén as actividades terroristas do grupo denominado *Guerrilleros de Cristo Rey*, brazo armado da extrema dereita nos primeiros anos da transición do franquismo cara á democracia. Nesas mesmas datas, concretamente en 1980, tivo lugar un dos maiores masacres terroristas en Europa, a causada por unha célula ultradereitista na estación de trens de Bolonia (Italia), co resultado de 85 vítimas mortais.



Fig. 4. O ano máis sanguento do terrorismo en Irlanda do Norte foi 1972, cando preto de 500 persoas foron asasinadas, a maioría delas a mans do IRA Provisional. Fotografía: Keystone Pictures, Zumapress.

Estímase que no mundo cada mes se rexistran unha media de 900 atentados, segundo datos do *Jane's Terrorism and Insurgency Centre*. *Reinares* (2015) afirma que nove de cada dez atentados a nivel mundial se producen actualmente en Asia meridional, Oriente Medio e a metade setentrional de África. A pesar das súas moitas diferenzas no fondo e na forma, tamén se podería afirmar que grupos aparentemente tan dispares como as FARC, Al Qaida, Daesh, o IRA, ETA ou Boko Haram teñen certas características comúns. Así, en todos eles se presenta un pensamento fanatizado que leva a combater e eliminar o diferente, construído este como un inimigo.

En todo grupo terrorista se pode falar dunha responsabilidade, un discurso e un pensamento, sen dúbida sectarios, que, en base aos seus propios mitos, ritos e liturxias,

sustentan e alimentan o exercicio de todo grupo violento, envolto todo iso no papel de celofán dunha narrativa romántica, adscrita a unha suposta loita liberadora. Este discurso será o caldo de cultivo que fará posible a creación, a divulgación e o exercicio práctico das teorías máis violentas dos grupos terroristas.

Cando se fala de violencia terrorista téndese a pensar que só é a exercida por quen dispara unha pistola, coloca unha bomba nun local ou se inmola nunha estación de metro. A actividade terrorista utiliza outras moitas armas para conseguir crear un clima de terror na sociedade: confidentes, captadores, formadores, delatores, o medo, a ameaza, a extorsión, as pintadas, a sinalización... convértense tamén nunhas eficaces armas de amedrentar e de control social.

ACTIVIDADE 1**NOVA OU VELLA, A VIOLENCIA TERRORISTA SEMPRE XERA SUFRIMENTO**

Que tipo de atentado terrorista, realizado neste século, che impactou máis? Por que? Coñeces algunha persoa que sufrise un atentado terrorista? Propoñémosche buscar información (de forma persoal ou en grupo de traballo cooperativo e de colaboración) sobre este tema e elaborar unha exposición escrita sobre a situación e as consecuencias da violencia. Para ordenar os datos recolleitos pode serche de axuda esta táboa.

NOME DA VÍTIMA	TIPO DE VIOLENCIA SUFRIDA	LUGAR DO ATENTADO	CONSECUENCIAS DA ACCIÓN TERRORISTA

A exposición pódese realizar en papel ou ben en formato dixital. Finalmente, cos datos, achegas, proxeccións e aclaracións xurdidas confeccionaranse unhas conclusións a nivel de clase. As mesmas pódense colocarse en forma de mural na aula ou proxectarse en formato vídeo ou PPT.

SESIÓN

02



AS CATRO VAGAS DE TERRORISMO

Nesta segunda sesión imos realizar un percorrido dende as orixes do terrorismo moderno ata a actualidade. Partindo de que non é un fenómeno recente, senón que ten unhas fondas raíces, analizaremos as principais características que presentou nos séculos XIX e XX.

O terrorismo apareceu ao longo da historia contemporánea en forma de vagas, cada unha das cales durou de media 35 ou 40 anos. Estes ciclos non afectaron unicamente a un país, senón que simultaneamente a varios, e mostran unha fase de intensificación da violencia seguida doutra de declive ata a súa desaparición. David C. Rapoport, profesor da Universidade de California e pioneiro nos estudos de terrorismo, distingue catro vagas de terrorismo, non sempre consecutivas, senón que o final dalgunhas solápanse co comezo doutras. Os elementos que as definen son: o contexto político no que naceron, a súa orientación ideolóxica predominante, as organizacións que as protagonizaron, os lugares que sufriron máis atentados, as súas principais tácticas e os seus obxectivos.

A primeira vaga de terrorismo foi de índole «anarquista/nihilista» e xurdiu no último terzo do século XIX. O declive da Asociación Internacional de Traballadores, AIT, frustrou as expectativas de revolución inminente. Nese contexto, os máis extremistas decidiron que a violencia era unha fórmula útil para atacar ao Estado e lograr unha sociedade sen clases. A propaganda polo feito e os intentos de magnicidio abundaron nesta etapa. Así, sucedéronse os atentados contra altos cargos políticos coa intención de provocar unha crise do sistema. En Rusia, os membros de *Naródnaja Vólja* (Vontade do Pobo) acabaron coa vida do tsar Alexandre II (1881). En España, terroristas de inspiración anarquista mataron tres presidentes do Goberno da época da Restauración: Antonio Cánovas del Castillo (1897), José Canalejas (1912) e Eduardo Dato (1921). Tamén foron anarquistas os autores dos asasinatos do rei Humberto I de Italia (1900) e do presidente de Estados Unidos William McKinley (1901). Houbo factores técnicos, como o descubrimento da dinamita en 1866, que axudaron ao desenvolvemento desta vaga, dado o seu poder de destrución e, por tanto, a capacidade para xerar medo, aínda que se seguiron empregando armas de fogo como a pistola ou o revólver. Con todo, os que cometeron os actos non alcanzaron os seus obxectivos finais. A miúdo, a represión subseguinte pechou o ciclo de violencia dentro

Fig. 5. Líderes mundiais maniféstanse unidos en París para honrar as vítimas do atentado terrorista contra a revista satírica *Charlie Hebdo* (11/01/2015).
Fotografía: Julien Warnand, EFE.




Fig. 6. Fotografia do 20 de abril de 1978 do ex-primeiro ministro italiano Aldo Moro, líder da Democracia Cristã sequestrado e finalmente assassinado pelas Brigadas Vermelhas. Fotografia: EPA.

de cada país afectado, de tal modo que na primeira década do século XX esta primeira onda de terrorismo xa entrara en declive.

A segunda vaga de terrorismo xurdiu ao redor da Primeira Guerra Mundial (1914-1918) e a súa principal inspiración ideolóxica foi o nacionalismo. Varios factores explican o seu desenvolvemento. Por unha banda, a proliferación de movementos separatistas, guiados baixo a demanda de autodeterminación para provocar a ruptura dos estados plurinacionais europeos. Por outra banda, o ascenso na Europa de entreguerras dos totalitarismos, de natureza tanto comunista como fascista, e o paralelo enfraquecemento das democracias liberais. Esta vaga tivo un precedente: o asasinato do arquiduque Francisco Fernando, herdeiro da coroa do Imperio Austrohúngaro, a mans dun radical serbio. Este feito, ocorrido en 1914 en Saraievo, precipitou o inicio da Primeira Guerra Mundial.

Seguramente a organización máis coñecida desta fase, e a que máis durou, é o IRA, Exército Republicano Irlandés, nacido en 1916 e que posteriormente se dividiría en diferentes faccións, entre elas, a xa citada rama Provisional. O seu propósito era a independencia da illa de Irlanda, nese momento baixo dominio británico. Pero lonxe de alí, na rexión dos Balcáns, tamén o reino de Iugoslavia sufriu o embate de diferentes terrorismos de tipo nacionalista: o serbio, o croata e o macedonio. No caso dos movementos totalitarios que se foron apoderando do espazo público en Italia ou Alemaña nas décadas de 1920 e 1930, non sería correcto falar de organizacións terroristas clásicas, estruturadas en células clandestinas, senón da imposición dun clima de medo a través de organizacións paramilitares cuxos membros actuaban uniformados, como o *squadrismo* fascista en Italia ou as *Sturmabteilung* ou SA (sección de asalto nazi) en Alemaña. En ambos os casos alcanzaron o poder e pretenderon perpetuarse nel, pero os seus réximes de terror, encabezados por Mussolini e Hitler respectivamente, duraron pouco, a pesar de causar moitas vítimas. Foron derrotados na Segunda Guerra Mundial polos aliados.

A terceira vaga de terrorismo foi a ligada ao auxe da chamada «nova esquerda». Tras o final da Segunda Guerra Mundial (1939-1945), a Europa democrática coñeceu un período de estabilidade política, crecemento económico e relativa calma social que durou 20 anos aproximadamente. A partir de finais da década de 1960, o terrorismo, de tipo tanto revolucionario como contrarrevolucionario, volveu golpear simultaneamente en numerosos países: España, Reino Unido, Italia ou Alemaña. Nun contexto de eferescencia social, novamente os máis radicais optaron

pola vía das armas e fundaron o que chamaron «guerrillas urbanas», é dicir, novas organizacións terroristas. As que tiñan unha inspiración de extrema esquerda, como as Brigadas Vermellas en Italia ou a Fracción do Exército Vermello (RAF) en Alemaña, entraron en declive xa na década de 1980 por careceren de apoios. A maioría da poboación apoiaba a democracia e as súas institucións. Porén, outras organizacións fundamentalmente nacionalistas, como ETA en España ou as diversas ramas do IRA en Irlanda do Norte, lograron perdurar máis tempo, ata o século XXI. Fronte a elas xurdiron bandas de ultradereita, como *Ordine Nuovo* en Italia, a Alianza Apostólica Anticomunista (*Triple A*) en España ou os grupos lealistas en Irlanda do Norte.

Lamentablemente, esta vulneración dos dereitos humanos ocorre en boa parte do mundo e tamén moi preto de ti. Hai un dato enxordecedor: só en España, case 1.500 persoas perderon a vida como consecuencia de actos terroristas desde 1960.

O terrorismo ten un efecto directo e negativo sobre o exercicio dos dereitos humanos, en especial, o dereito á vida, a liberdade ou a integridade física, pero, ademais, desestabiliza as institucións democráticas, as relacións entre os países e o desenvolvemento social e económico. É un problema de todos, actual e grave.

ACTIVIDADE 2

O TERROR COMO FERRAMENTA POLÍTICA

FASE A. Ler individualmente o texto da sesión 2 na aula ou na casa de forma previa. Despois o alumnado será dividido en catro grupos de traballo de non máis de cinco persoas, se é posible. Cada grupo deberá elixir un dos textos que se ofrecen a continuación e desenvolver un breve traballo grupal sobre el. De forma obrigatoria deberán facer constar no seu traballo os seguintes aspectos:

A que vaga do terrorismo corresponde?

Como se produciu o atentado e en que contexto?

Que consecuencias tivo tanto a nivel humano como social?

TEXTO 1

William McKinley converteuse no ano 1897 no vixésimo quinto presidente dos Estados Unidos de América. O 6 de setembro de 1901, el e súa muller, Ida Saxton, acudiron á Exposición Panamericana celebrada en Buffalo (Nova York). Alí, mentres se atopaba no Templo da Música, o anarquista Leon Czolgosz, de orixe polaca, disparou o revolver que levaba oculto na man dereita. Un disparo impactou no ombreiro do presidente e outro no seu abdome. O 14 de setembro falecería por mor de gangrena.

TEXTO 2

O atentado de Saraxevo é o termo co que mundialmente se coñece o asasinato, cometido o 28 de xuño de 1914, do herdeiro da coroa do Imperio Austrohúngaro, o arquiduque **Francisco Fernando de Austria**, e da súa muller, a duquesa Sofía Chotek, en Saraxevo, capital da provincia imperial de Bosnia e Hercegovina. O atentado terrorista foi perpetrado polo nacionalista serbio Gavrilo Princip, instigado por un movemento cuxo obxectivo era a emancipación de Bosnia de Austria-Hungría, e que contou co apoio de círculos de intelixencia e militares do Reino de Serbia.

TEXTO 3

Na mañá do 7 de xuño de 1996 o policía **Jerry McCabe** iniciaba, xunto co seu compañeiro Ben O'Sullivan, unha escolta dunha furgoneta de correos en Adare, no condado irlandés de Limerick. Un comando do IRA Provisional que quería roubar o diñeiro que transportaba a furgoneta disparou cun kalashnikov ferindo de gravidade a Ben e asasinando a Jerry. A este último quedáballe pouco para a xubilación.

TEXTO 4

O 3 de xuño de 2017, Khuram Butt, Rachid Redouane e Youssef Zaghba conduciron un coche pola Ponte de Londres atropelando os viandantes. Despois baixáronse do vehículo e comezaron a atacar con coitelos os transeúntes nas proximidades do Borough Market. **Ignacio Echevarría**, un español residente na capital británica, viu como os membros do comando atacaban unha moza e un policía que acudía a socorrela. Sen dubídalos, Ignacio enfrontouse cos terroristas coa súa única arma: un monopatín. Ignacio morreu por mor das coiteladas que lle asestaron os terroristas, que actuaron en nome do Estado Islámico. Nove persoas foron asasinadas e 48 resultaron feridas de diversa gravidade nese atentado.

FASE B. Unha vez finalizado o traballo por grupos, o profesor pediralle a un portavoz de cada un que comente e lle presente á clase o resultado do seu traballo. A presentación será oral, acompañada, se se desexa, doutros soportes: taboleiro, taboleiro dixital, murais, vídeos... As presentacións poden ser gravadas e quedar así accesibles para todo o alumnado na plataforma ou blog da aula. Finalizada a exposición de todos os portavoces, o profesor lembrará o visto na introdución da actividade e como as distintas versións do terrorismo sementaron o terror como ferramenta política, baseada no discurso do odio e o pensamento fanático. Para finalizar, é desexable que se estimule o debate entre o alumnado, que pode ser tamén gravado e colgado posteriormente na mesma plataforma.

Fig. 7. A policía arresta a Gavrilo Princip, asasino do arquiduque Francisco Fernando de Austria. Fotografía: Hilary Jane Morgan, Zumapress.



SESIÓN

03





Fig. 8. Un avión comercial secuestrado por terroristas xihadistas pouco antes de estrelarse contra unha das torres xemelgas do World Trade Center (Nova York, 11 de setembro de 2001). Fotografía: Seth McCallister, EPA.

O NACEMENTO DO TERRORISMO GLOBAL

O terrorismo do século XXI ten unha data de nacemento: o 11 de setembro de 2001. Ese día un grupo de xihadistas membros de Al Qaida (a Base, en galego) secuestraron catro avións civís en Estados Unidos (EEUU): dous deles foron estrelados contra as torres xemelgas de Nova York; outro, contra o Pentágono en Washington, e o cuarto caeu no campo ao se amotinaren os pasaxeiros contra os secuestradores e perder estes o control da nave. O balance daquela complexa operación terrorista foi de máis de tres mil vítimas mortais e seis mil feridos. O balance indirecto e a medio prazo foi o inicio de dúas guerras -unha en Afganistán e outra en Iraq- con decenas de miles de falecidos e a extensión do terrorismo.

Un dos trazos que caracteriza a violencia xihadista é a vontade homicida en masa, como reflicten, ademais do 11-S, atentados como os cometidos en Madrid o 11 de marzo de 2004 (193 vítimas mortais), os perpetrados en Londres o 7 de xullo de 2005 (56 asasinados), os rexistrados en Camp Speicher (Iraq), cunhas 1.600 vítimas en xuño de 2014, a matanza de entre 400 e 500 persoas levada a cabo por Boko Haram no Estado de Borno (Nixeria) os días 3 e 4 de xuño de 2014, o cometido en Bagdad o 3 de xullo de 2016 (325 mortos) ou os atentados de Barcelona e Cambrils do 17 de agosto de 2017, con 16 vítimas.

Os atentados do 11-S deron a coñecer en todo o mundo unha organización terrorista, Al Qaida, e o seu fundador e líder, Osama bin Laden, que ata o de entón pasaran desapercibidos para a opinión pública a pesar de que ese grupo fora creado trece anos antes e de que xa cometera importantes ataques con centenas de vítimas.

A historia de Al Qaida e doutros grupos terroristas de inspiración xihadista non pode entenderse sen coñecer a historia recente de Afganistán. En 1979, tropas da URSS entraron no país para apoiar un goberno prosoviético que se instalara en Cabul tras un golpe de Estado interno. A presenza do exército soviético provocou o rexeitamento dunha gran parte da poboación local e a implicación doutros países (en particular dos EEUU, Paquistán e Arabia Saudita) que axudaron con armas, diñeiro e adestramento a quen se enfrontase as tropas da URSS. Miles de musulmáns procedentes de diversos países, animados por unha motivación relixiosa, trasladáronse ata Afganistán para combater os ocupantes. Ao cabo dunha década, en 1989, a URSS retirouse derrotada



Fig. 9. O saudita Osama bin Laden posa no centro da imaxe, acompañado por outros líderes de Al Qaida: Ayman al-Zawahiri (esquerda) e Mohammed Atef (dereita). Fotografía: EPA.

do país asiático.

Un dos que viaxou a combater a Afganistán foi Osama bin Laden, membro dunha adiñeirada familia saudita, quen en 1988 creou unha organización bautizada como Al Qaida (a Base) na que se encadraron moitos combatentes experimentados. Xunto a bin Laden atopábase no momento fundacional deste grupo Ayman al-Zawahiri, que logo sería sucesor do dirixente saudita á fronte de Al Qaida. O 23 de febreiro de 1998, Al Qaida e outros grupos de inspiración xihadista crearon unha alianza que bautizaron como Fronte

Islámica Mundial para a Xihad contra Xudeus e Cruzados, que se converteu na rede terrorista internacional que levou a cabo ou alentou os atentados dos anos posteriores.

Al Qaida buscou novos inimigos que enfrontar. En primeiro lugar, puxo no punto de mira os gobernos de países musulmáns que non aplicaban a xariá ou lei islámica, gobernos que acusaba de «apóstatas» por non defenderen a visión radical da relixión que promovían bin Laden e os seus. En segundo lugar, sinalaron como obxectivo o que tacharon de «inimigo afastado», representado sobre todo polos EEUU,

pero tamén polos países occidentais.

Aínda que o nacemento de Al Qaida marca un punto importante na historia do terrorismo recente e supón a aparición do xihadismo global, antes da creación deste grupo xa se cometeron outros ataques en nome dun extremismo relixioso islamita que se refuxiaba tras o nome da xihad. En España mesmo, desde 1984 hai presenza de terroristas con esa inspiración extremista¹. O episodio máis grave tivo lugar o 12 de abril de 1985, ao estalar unha bomba no restaurante El Descanso, de Torrejón de Ardoz, e causar 18 mortos e oitenta feridos. Un grupo chamado Xihad Islámica asumiu o atentado, cuxa autoría segue hoxe aínda sen aclararse. O mesmo nome fora utilizado para responsabilizarse doutro atentado contra un hotel de Atenas apenas dous meses antes. Ese hotel, do mesmo xeito que o restaurante El Descanso, estaba situado preto dunha base utilizada por militares de EEUU que frecuentaban as instalacións atacadas. O nome de Xihad Islámica servira tamén para asumir os ataques perpetrados contra os cuarteis que, en 1983, tiñan en Beirut os exércitos de EEUU e de Francia, provocando centos de mortos (estimáronse 306 vítimas entre soldados norteamericanos e franceses, e traballadores civís). A policía española investigou a pista de radicais xiítas de orixe iraniana e libanesa, xa que a bandeira da Xihad Islámica fora utilizada polo grupo Hesbulá (Partido de Deus), sen dar cos autores do atentado.

O final da guerra de Afganistán provocou a desmobilización dunha gran parte dos combatentes estranxeiros, que regresaron aos seus países de orixe, entre eles Alxeria. Estes xihadistas experimentados colleron as armas no seu propio país despois do golpe de Estado que suspendeu, en 1992, a segunda volta dunhas eleccións xerais tras o triunfo na primeira volta da Fronte Islámica de Salvación. Aquel episodio fixo aparecer diversos grupos xihadistas en Alxeria que provocaron unha guerra civil que se saldou con decenas de miles de mortos ao longo dunha década de conflito. As estimacións máis baixas cifran en cen mil os falecidos, mentres que outros cálculos duplican ese dato. O Grupo Islámico Armado (GIA) foi a máis destacada das organizacións xihadistas que operaron en Alxeria, á que logo se lle sumaría unha escisión, o Grupo Salafista para a Predicación e o Combate (GSPC) que máis tarde se convertería en Al Qaida do Magreb Islámico (AQMI). O GIA levou a súa guerra a territorio francés en 1994 e 1995 con atentados que causaron máis dunha decena de mortos e 200 feridos. Foi un anticipo do que ocorrería nos primeiros anos do século XXI en territorio europeo con outras expresións deste terrorismo.

Luís da Corte (2018)² distinguiu tres fases do xihadismo global: a primeira etapa esténdese desde a fundación de

Al Qaida, en 1988, ata os atentados de setembro de 2001. A segunda etapa transcorre entre finais de 2001 e 2010, e caracterizaríase «pola proliferación a escala mundial de actores non estatais vinculados a Al Qaida ou afíns á súa ideoloxía-proxecto». A terceira fase do xihadismo global iníciase a partir da chamada «Primavera Árabe», desde 2011, que provocou cambios radicais en países como Tunisia, Exipto, Libia e Siria.

Dentro da primeira etapa hai que situar os atentados perpetrados por Al Qaida, en agosto de 1998, contra as embaixadas de EEUU nas capitais de Quenia e Tanzania, que deixaron máis de douscentos mortos e catro mil feridos. Neste período tamén se crean os primeiros grupos xihadistas no lemen, nutridos polos veteranos de Afganistán que retornaran a casa e que terminarían convertidos en Al Qaida da Península Arábiga (AQPA), unha das ramas máis potentes da organización fundada por bin Laden.

Os atentados do 11 de setembro de 2001 provocaron a inmediata resposta de Estados Unidos que, apenas un mes máis tarde, atacou Afganistán, o país onde tiña a súa base Al Qaida, onde estaba refuxiada a dirección deste grupo, protexida polos talibán no poder, e dende onde se planificou o atentado cos avións contra Nova York e Washington. A segunda guerra, contra Iraq, comezou dous anos máis tarde con acusacións pouco fundamentadas dirixidas contra o goberno de Bagdad. Este segundo conflito abriu as portas a unha multiplicación da actividade xihadista tanto en territorio iraquí como fóra del, e as súas consecuencias arrástranse aínda hoxe.

No período que se inicia tras o 11-S, Al Qaida e os seus dirixentes vense obrigados a abandonar Afganistán, perdendo numerosos efectivos. Para adaptarse á nova situación, configurouse, en palabras de Luís da Corte, «un movemento transnacional de contornos difusos e xeometría variable». Este movemento expandiuse por Asia central e do sur, polo norte do Cáucaso, Oriente Próximo, por todo o norte de África, en África occidental e polo Corno de África. No seu nome ou no das súas franquías territoriais cometéronse centos de atentados.

¹ Unha relación de incidentes pode atoparse en Fontecha (2004).

² De la Corte (2018). Dispoñible en Internet en: http://www.memorialvt.com/wp-content/uploads/2018/03/Informe04_180212.pdf

ACTIVIDADE 3.1**WORLD TRADE CENTER. O ATENTADO QUE CONMOVEU O MUNDO**

Obxectivos:

Investigar e solicitar información sobre un atentado que conmocionou o mundo e marcou un antes e un despois na consideración deste tipo de terrorismo global.

Tomar conciencia da dor e da inxustiza que provoca todo terrorismo, neste caso específico o de orixe relixiosa xihadista.

Promover unha actitude de empatía cara ás vítimas, tanto deste atentado como doutros similares.

Debater e argumentar sobre a importancia deste atentado na orde internacional para, finalmente, facer o mesmo sobre as consecuencias persoais e familiares nas vítimas causadas.

Despois de ler o texto da sesión 3 realizarase un traballo en grupo, a desenvolver de forma cooperativa e colaborando. Pódese realizar recorrendo a diversas fontes de documentación, aínda que se recomenda realizar unha procura a través de Internet e así traballar tamén a competencia tecnolóxica e dixital. Se non se atopa unha información relevante, podemos suxerir esta ligazón da BBC:

<https://www.bbc.com/mundo/noticias-45479565>

Ou outros de plataformas de documentación histórica como:

<https://prensahistorica.mcu.es/es/inicio/inicio.do>

Formaranse grupos de cinco persoas. Cada un deles abordará a procura de información sobre os atentados do 11-S e elaborará un breve informe sobre o aspecto que lle correspondeu estudar. Cada grupo de cinco persoas deberá traballar os seguintes puntos:

Contexto político internacional do momento.

Grupo terrorista autor.

Como se produciron os feitos.

Motivacións e reivindicacións.

Vítimas e consecuencias a nivel mundial.

Utilizaremos para iso a técnica de colaboración coñecida como a dinámica do «Folio Xiratorio». O profesor asígnalle unha tarefa aos equipos de base (creación dunha lista de palabras, redacción dun conto, enumeración das cousas que saben dun determinado tema para coñecer as súas ideas previas, elaboración dunha frase que resuma unha idea fundamental do texto que leron ou do tema que estiveron estudando, etc.) e un membro do equipo empeza a escribir a súa parte ou a súa achega nun folio «xiratorio». A continuación pásallo ao compañeiro do seu carón seguindo a dirección das agullas do reloxo para que escriba a súa parte da tarefa no folio e así sucesivamente ata que todos os membros do equipo participen na resolución final da tarefa, que se entregará finalmente ao titor.

Finalizará a actividade pedíndolle ao grupo que manifeste a súa impresión sobre o sufrimento experimentado polas vítimas deste atentado. O profesor pode dinamizar o debate introducindo preguntas deste tipo: a pesar de que os atentados son distintos polos seus contextos sociopolíticos e lugares nos que se producen, consideras que o sufrimento é diferente? Son iguais todas as vítimas?

Fig. 10. Flores e fotografías deixadas en honra ás vítimas do 11-S nun aniversario destes atentados. Fotografía: Justin Lane, POOL.



SESIÓN

04



O XIHADISMO TRAS A PRIMAVERA ÁRABE

O efecto bolboreta, segundo o cal o simple voo deste animal nun extremo do planeta pode provocar un furacán na outra punta, fíxose realidade no mundo árabe en 2011. Un episodio local, protagonizado en Tunisia por un cidadán descoñecido, xerou unha sucesión de cambios políticos revolucionarios en numerosos países árabes. O 17 de decembro de 2010, un vendedor de froitas prendeu lume ao bonzo porque a policía lle incautara a mercadoría que vendía nun mercado e coa que se gañaba a vida. Ademais, maltratáranlo. Ofendido e despouído dos seus bens, Mohamed Bouazizi prendeu lume e perdeu a vida o 4 de xaneiro seguinte.

A desventura de Bouazizi provocou unha revolta popular que, en poucos días, acabou botando do poder ao presidente Ben Ali, que gobernaba o país dende había 24 anos. O exemplo tunisiano provocou un efecto en cadea e propagouse de inmediato por diversos países árabes. En Libia outra revolta popular acabou co réxime do coronel Gadafi, no poder dende había 42 anos, mentres que en Exipto a Primavera Árabe levou por diante a Hosni Mubarak, que gobernaba de forma ininterrompida dende había tres décadas. Gadafi morreu durante a revolta e en Exipto os Irmáns Musulmáns chegaron ao poder tras unhas eleccións, aínda que ao cabo de dous anos o seu goberno foi derrocado polo exército. As protestas estendéronse tamén, con efectos desiguais, por Iemen, Alxeria, Marrocos, Omán, Bahrain e Siria. Nas revoltas xuntáronse as protestas dos que reclamaban o establecemento de sistemas democráticos plenos, con outros sectores que avogaban por réximes islamitas.

Os cambios políticos foron acompañados pola aparición de fenómenos de violencia protagonizados por diferentes grupos xihadistas que trataron de aproveitar no seu beneficio a desorde provocada polas lexítimas revoltas populares. En Tunisia, único país onde se consolidou un sistema democrático, operan filiais de Al Qaida e do Daesh. Este país rexistrara un atentado en 2002 contra a sinagoga da illa de Xerba, onde houbo 22 mortos, na súa maioría turistas. Este atentado foi financiado desde España por un empresario que enviou a Al Qaida o diñeiro necesario a través dun locutorio de Logroño. Outro atentado da filial de Al Qaida foi cometido en 2015 contra o Museo do Bardo cun balance de 19 mortos, dous deles veciños de Barcelona.

En Exipto teñen operado estes anos franquías do Estado Islámico ou Daesh e siglas xurdidas tras a expulsión do poder dos Irmáns Musulmáns.

Fig. 11. Un xornalista observa unha zona repleta de impactos de bala no Museo do Bardo, en Tunisia. Fotografía: Mohamed Messara, EFE.

Con todo, onde o terrorismo xihadista tivo máis presenza e actividade foi en Libia e en Siria. A caída de Gadafi deixou o país norteafricano sen unha estrutura de poder común, dividido en territorios controlados por grupos armados que se enfrontan polo control das cidades e dos recursos económicos. En Libia instaláronse grupos xihadistas afíns tanto a Al Qaida como ao Daesh e desde alí proxectan as súas ameazas cara a países veciños como Tunisia ou a zona do Sahel, en especial contra Malí. O derrubamento das estruturas de poder libias deixou fóra de control os arsenais do seu exército, que serviron para armar numerosos grupos terroristas e contribuíu a estender o xihadismo a todos os países da área do Sahara onde operan numerosos grupos, o máis destacado dos cales é Al Qaida no Magreb Islámico (AQMI). A ameaza no caso de Malí foi tan extrema que se fixo necesaria a intervención das tropas francesas en 2013 para que o país non quedase baixo control destes grupos.

En África tamén hai que mencionar o caso de Nixeria, onde opera o grupo Boko Haram (que, en lingua hausa, significa «a educación occidental é pecado»), creado no ano 2009 e que despois xurou fidelidade ao Daesh. Desde a súa constitución provocou unhas vinte mil vítimas mortais e levou a cabo máis de dous mil secuestros, non só en Nixeria, senón tamén en países próximos como o Camerún e o Chad. Intensa é tamén a acti-

vidade terrorista que se rexistra no Corno de África, onde actúan un grupo afín a Al Qaida (Al Shabab) e outro seguidor do Daesh.

En Siria a Primavera Árabe e a represión aplicada polo goberno desembocaron nunha guerra civil que enfrontou aos defensores do *status quo* e os descontentos co réxime de Damasco, e na que pronto entraron os grupos xihadistas. Primeiro foi Al Qaida, que constituíu unha filial bautizada como Fronte Al-Nusra en 2011. Os primeiros combatentes de Al-Nusra procedían de Iraq, onde operaba unha franquía de Al Qaida que fora variando de nome dende que se organizara para resistir as tropas de Estados Unidos en 2003. Primeiro chamouse Organización para o Monoteísmo e a Xihad, logo bautizouse como Al Qaida no País dos Dous Ríos; en 2006 pasaron ser o Estado Islámico de Iraq. A decisión do líder deste grupo, Abu Bakr al-Bagdadí, de pasar a combater a Siria, onde xa operaba a Fronte Al-Nusra, en contra da opinión da dirección de Al Qaida, provocou a ruptura entre as dúas organizacións. O grupo de al-Bagdadí, que integrara nas súas filas numerosos militares do exército de Sadam Hussein, reconverteuse no Estado Islámico de Iraq e Levante (Daesh) a partir de 2013 e logo abreviou a Estado Islámico. Os éxitos deste grupo levárono a controlar un gran espazo territorial no que o Daesh actuaba como o poder dun Estado efectivo, aínda que non tivese ningún recoñecemento internacional. O Daesh che-

Fig. 12. Membros do Daesh en Siria realizan unha demostración de forza (25/08/2015). Fotografía: Ho, Zumapress.



gou a controlar unha extensión equivalente á de Gran Bretaña. Como consecuencia da toma da cidade iraquí de Mosul, al-Bagdadí proclamouse califa.

A guerra de Siria e Iraq provocou unha importante mobilización de xihadistas: estímase que máis de 40.000 voluntarios de 120 países (entre eles polo menos 237 procedentes de España) se trasladaron a eses dous países para combater. A maioría deles encadráronse no Daesh, un grupo que gañou en prestixio a ollos dos máis radicais polo seu amplo dominio territorial e pola súa capacidade para realizar un alto nivel de proselitismo e propaganda utilizando de forma eficiente as redes sociais e os recursos audiovisuais.

A atracción provocada por grupos como o Daesh non só levou a máis de cinco mil residentes en Europa a desprazarse a Oriente Medio para combater, senón que provocou numerosos atentados nos países europeos. Unhas veces foron células organizadas do Daesh ou de Al Qaida, e outras veces foron actores individuais, non encadrados organicamente neses grupos, pero inspirados pola súa doutrina e estimulados polas consignas que os seus aparellos impartiran durante os últimos anos para que calquera simpatizante atentara no país no que residía. Así, por exemplo, o atentado contra a revista Charlie Hebdo, en xaneiro

de 2015, de París, foi perpetrado por unha célula encadrada en Al Qaida de Arabia; os atentados do 13 de novembro do mesmo ano, tamén en París, con 130 mortos, cometeunos unha célula do Daesh, mentres que os atentados de Barcelona e Cambrils do ano 2017 levounos a cabo un grupo de xihadistas radicais inspirados tamén polo Daesh.

A gran mobilización de simpatizantes dos grupos xihadistas provocou nos gobernos europeos unha gran preocupación pola seguridade. Primeiro tratouse de impedir que cidadáns residentes en Europa se trasladaran a combater a Oriente Medio. Todos os gobernos puxeron en marcha medidas para previr a radicalización xihadista e para desmantelar as redes terroristas que operaban en Europa. Cando o Daesh comezou a ser derrotado e a perder o terreo que controlaba, os gobernos estiveron vixiantes para previr o retorno dos combatentes que se desprazaran a Siria ou Iraq porque a volta de terroristas adestrados e experimentados representa un novo perigo de seguridade.

Algúns datos poñen de relevo o alcance do terrorismo en datas recentes: entre 1994 e 2016, ambos os anos incluídos, contabilizáronse en todo o mundo 115.709 incidentes terroristas, segundo recolle Luís da Corte na publicación antes citada. Oriente Próximo e África do norte acumulan o 34% do total de actos terroristas, seguidos de Asia do sur (un 31,7%), África subsahariana (17,7%) e o sueste asiático (8%). Europa occidental apenas reúne un 4,35% dos ataques.

A violencia xihadista custoulle a vida a 1.703 europeos entre os anos 2000 e 2018, segundo datos recollidos no «Libro branco e negro do terrorismo en Europa». Nesta relación de vítimas mortais hai que incluír as rexistradas en Madrid por mor dos atentados do 11 de marzo de 2004. 192 persoas perderon a vida con esas bombas e a esa cifra haille que sumar o caso do policía morto uns días máis tarde por outro artefacto activado polos autores dos atentados nos trens. O 11-M segue sendo a acción terrorista con máis vítimas mortais rexistrada en territorio europeo. O impacto foi tan grande que a UE declarou o 11 de marzo como Día Europeo das Vítimas³.

Cando se mencionan as decenas de miles de vítimas que causou o terrorismo xihadista non hai que esquecer que a inmensa maioría delas foron cidadáns musulmáns que vivían en países nos que boa parte da súa poboación profesa a relixión islámica. Entre o 80 e o 90 por cento das vítimas provocadas por este tipo de terrorismo son musulmáns.



³ O terrorismo en España trátase nas unidades didácticas de Xeografía e Historia de 4º da ESO e de Historia de España de 2º de bacharelato. Ambas as dúas están dispoñibles en <http://www.memorialvt.com/publicaciones/#unidades>

ACTIVIDADE 4.1**UN ESPAÑOL NA EXPLOSIÓN DO HOTEL GHAZALA GARDENS**

Propónse ler o testemuño de Tomás Fraga, que resultou ferido nos atentados da localidade exipcia de Sharm el-Sheij o 23 de xullo de 2005. Con iso pretendemos alcanzar os seguintes obxectivos:

Reflexionar sobre o que supón ser vítima dunha violencia extrema, como é o caso do terrorismo xihadista.

Debater sobre o perverso exercicio da violencia e a dor que causa nas vítimas.



Promover unha actitude de empatía cara ás vítimas, tanto deste atentado como doutros similares: o da Sala Bataclan de París, os acaecidos en Bruxelas ou Niza, o 11-M en Madrid ou os atentados en Barcelona e Cambrils.

A partir do caso de Tomás Fraga, xerar debate e intercambio de opinións na clase sobre os efectos do terrorismo e do odio que debeu inocularse quen foi capaz de cometer tal acción, amparado na escusa da suposta liberación do seu pobo e da súa fe. Contrapomos desta forma o odio que alimenta todo terrorismo fronte á renuncia que fan as vítimas a tomar vinganza e confiar en impartir xustiza con todas as garantías. En definitiva, aí reside a capacidade de resistencia das democracias que a acción terrorista trata de combater.

Fig. 13. Centos de traballadores maniféstanse ás portas do Hotel Ghazala Gardens en Sharm el-Sheij, Exipto, protestando contra o terrorismo un día despois da serie de ataques con bomba neste complexo turístico que matou polo menos 90 persoas e feriu máis de 150 (24/07/2005). Fotografía: Khaled EL-Fiqi, EFE.

«Aproximadamente á unha e vinte da mañá, cando me dirixía a buscar o meu vehículo aparcado nunha rúa lateral do Hotel Ghazala Gardens, na avenida principal de Sharm el-Sheij, mentres pasabamos polo aparcadoiro do hotel, xusto diante da súa porta, un vehículo cargado de explosivos estrelouse contra a mesma e detonou a súa carga. Eu atopábame a uns dez metros... esperteime ao outro lado da rúa e dúas persoas axudáronme a incorporarme, trasladándome nun vehículo ao hospital da cidade. Aforrareime os detalles posteriores, operacións, recuperación, etc., tanto en Exipto como en España, porque non veñen ao caso. Prefiro quedarme con outros momentos. Nunha situación límite, mostra da pouca humanidade dalgúns, moitos outros deron o mellor de si mesmos por quen máis o necesitaban e obviaron todos os seus medos. Recordo as persoas que me trasladaron ao hospital. Compañeiros que desafiaron o caos no que estaba sumida a cidade e lograron acceder ao hospital para estar comigo. Fixeron algo que ás veces é máis importante que outra cousa: acompañarme para que non me sentise só. Recordo tamén o traslado nun avión militar ao Cairo, con outros moitos feridos. Unha persoa, que non sei e creo que xamais saberei quen foi, púxome a man na perna para tranquilizarme e acougarme durante o voo... Lembro os meus pais, a miña irmá, a miña empresa, os meus tíos, avós, amigos... A toda a xente do Hospital Fundación Jiménez Díaz, que deron o mellor de si mesmos, tanto médica como humanamente, para a miña recuperación. Recordo, en definitiva, a tantas persoas que ou ben xa formaban parte da miña vida ou ben empezaron a formar parte e aínda continúan desde aquel momento. E sítome afortunado, dentro da desgraza que me tocou vivir, por estar rodeado de tanta bondade e agarimo ao meu ao redor... O 27 de xullo de 2006, un ano e catro días despois do atentado, regresei a Sharm el-Sheij... Lembro o paso á beira do xa desaparecido hotel... Non volví sentir nin medo nin temor, nin tan sequera rancor, senón paz comigo mesmo, que era o que necesitaba. O círculo estaba pechado»⁴.

En primeiro lugar, o profesor contextualizará o testemuño de Tomás. Para iso fará un repaso histórico daqueles anos e rememorará a situación na que se produciu o atentado de Sharm el-Sheij.

En segundo lugar, distribuirase o grupo de clase de dous en dous. Unha vez colocados en parellas, cada alumno lerá individualmente o texto e comentaráo co seu compañeiro. Todos deberán coñecer ben o texto e analízalo compartindo opinións.

En terceiro lugar, para o debate, en grupo-aula, as preguntas que nos faremos antes de entrar en comentarios serán as seguintes: hai diferenza entre este atentado e outros xerados polo terrorismo de xustificación islamita? Hai diferenzas entre o pensamento e acción dos distintos grupos terroristas xihadistas e o doutros grupos terroristas? Como observades o comportamento de Tomás? Credes que vós, se fósedes golpeados polo terrorismo, teríades unha actitude similar?

Finalmente, presentaranse as conclusións finais, que poden ser recompiladas de forma dixital, en soporte papel ou no formato que se desexe.

⁴ En López Romo (2018).

ORIENTACIÓNS

PARA TRABALLAR

OS MATERIAIS



MATERIA

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.

VINCULACIÓN CO CURRÍCULO OFICIAL

Os contidos desta unidade didáctica vincúlanse co bloque 10 (O mundo actual desde unha perspectiva histórica).

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

PROGRAMACIÓN

De acordo co que establece o Real Decreto 1105/2014, «A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico», polo que esta unidade deberá desenvolverse ao longo do último trimestre do curso.

Para o seu desenvolvemento completo pódese dispor de 4 sesións, aínda que, a criterio do profesor, é posible elixir tan só algunha delas.

OBXECTIVOS

De forma xeral os obxectivos a conseguir atópanse no Artigo 25. Obxectivos. O decreto establece que o bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española, así como polos dereitos humanos, que fomente a responsabilidade compartida na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

Esta proposta didáctica sobre os dereitos humanos, o terrorismo e as súas vítimas pode ser desenvolvida en tres ou cinco sesións de traballo con alumnado de 4º curso de ESO na área de Valores Éticos. Para iso, tivéronse en conta as directrices curriculares en vigor, así como diversas reflexións e orientacións. De forma moi especial e resumida, ao longo deste traballo pretendeuse:

Coñecer as distintas definicións de terrorismo e os principais elementos que o caracterizan.

Estudar o percorrido desde as orixes do terrorismo moderno ata a actualidade. Analizar as principais características que presentou nos séculos XIX e XX.

Identificar o nacemento do terrorismo global.

Coñecer o xihadismo tras a Primavera Árabe.

Construír unha opinión crítica sobre o terrorismo como fenómeno mundial dende o coñecemento da historia e do contexto social, político e cultural no que xorde e se desenvolve.

CONTIDOS

Os contidos do bloque 10 (O mundo actual desde unha perspectiva histórica) que se tiveron en conta son:

A caída do muro de Berlín e os atentados de Nova York: a globalización e os medios de comunicación. A ameaza terrorista nun mundo globalizado. O impacto científico e tecnolóxico. Europa: reto e unión. Trazos relevantes da sociedade norteamericana a comezos do século XXI, tras os atentados do 11-S de 2001.

De forma máis concreta traballaranse:

Introdución: Que é o terrorismo?

As catro vagas de terrorismo.

O nacemento do terrorismo global.

O xihadismo tras a Primavera Árabe.

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave que se van desenvolver con esta unidade son as seguintes:

Competencia en comunicación lingüística, xa que será imprescindible para a realización das actividades tanto a lectura comprensiva como a capacidade para producir textos e unha axeitada expresión oral.

Competencia dixital, xa que será necesario empregar os medios tecnolóxicos de información e comunicación para completar outras actividades.

Competencia social e cívica, para que o alumnado se poña no lugar da vítima e comprenda a importancia da convivencia pacífica, así como os conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos.

RECURSOS

Para o desenvolvemento desta unidade didáctica será imprescindible dispor dunha aula cun canón de proxección e altofalantes. Para o traballo cos textos é aconsellable a entrega de fotocopias, aínda que se pode optar por proxectar os textos, lelos en voz alta e traballar co texto proxectado. De non se dispor dunha aula destas características, recoméndase realizar as sesións na aula de informática ou ben empregar ordenadores portátiles tipo Escola 2.0, se é que se dispón deles no centro.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

De acordo co establecido no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, o estándar de aprendizaxe que lle corresponde a esta unidade didáctica, extraído do bloque 10 (O mundo actual desde unha perspectiva histórica), é o seguinte:

2.1. Realiza unha procura guiada en Internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (Nova York 11-S, Madrid 11-M, Londres 7-J, etc.), os seus símbolos e repercusións na sociedade (a cidadanía ameazada, as asociacións de vítimas, a mediación en conflitos, etc.) e analiza e comunica a información máis relevante.

Este estándar de aprendizaxe dividirase en varios indicadores de acordo coa distribución de contidos e, á súa vez, estarán inseridos nun sinxelo rótulo con obxecto de facilitar a avaliación.

INTRODUCCIÓN: QUE É O TERRORISMO?

- a. Define terrorismo, pero non sabe analizar as súas implicacións como fenómeno mundial.
- b. Explica de forma correcta todas as definicións do terrorismo como fenómeno mundial, así como os principais elementos que o caracterizan.
- c. Constrúe unha opinión crítica sobre o terrorismo como fenómeno mundial desde o coñecemento da historia e do contexto social, político e cultural no que xorde e se desenvolve.

AS CATRO VAGAS DE TERRORISMO

- a. Coñece a existencia das catro vagas de terrorismo.
- b. Identifica e explica correctamente algunhas das catro vagas de terrorismo.
- c. Relaciona de forma completa cada unha das vagas de terrorismo co contexto político no que naceron; a súa orientación ideolóxica predominante, as organizacións que as protagonizaron; os lugares que sufriron máis atentados, as súas principais tácticas e os seus obxectivos.

O NACEMENTO DO TERRORISMO GLOBAL

- a. Coñece a orixe do terrorismo global.
- b. Identifica algunhas das fases do terrorismo do século XXI.
- c. Relaciona de forma completa as fases do xihadismo global coas organizacións deste terrorismo, así como os atentados que realizaron dende a súa orixe ata a actualidade.

O XIHADISMO TRAS A PRIMAVERA ÁRABE

- a. Coñece a existencia do xihadismo tras a Primavera Árabe.
- b. Identifica algunhas das accións terroristas do xihadismo dende a Primavera Árabe ata a actualidade.
- c. Relaciona de forma completa as organizacións xihadistas, así como os atentados que realizaron dende a Primavera Árabe ata a actualidade dende unha formulación crítica.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O alumnado deberá:

Describir os efectos da ameaza terrorista (xihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, explicando as súas características.

Resumir os retos que ten a Unión Europea no mundo actual distinguindo os problemas que posúe para se amosar como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas.

Describir a evolución do mundo islámico na actualidade resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais.

Obter e seleccionar información de diversas fontes (bibliográficas, Internet) que expliquen os diversos feitos que determinan o mundo actual.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os alumnos deberán realizar as actividades sobre os textos e a investigación en Internet no seu caderno. Durante o desenvolvemento das catro sesións deberase contar coa participación activa de todos os alumnos da clase. O docente deberá avaliar as actividades no caderno do alumno conforme aos rótulos establecidos para os estándares de aprendizaxe. Ademais, deberá anotar tanto as intervencións de cada alumno como o acertadas que fosen en relación cos asuntos tratados en cada momento.

A cuantificación é o resultado de ter que facer unha transposición numérica para a avaliación, pero incidirase en que o alumnado revise a aprendizaxe de: a) O contido histórico sobre os bloques de contido seleccionados nesta unidade didáctica («A caída do muro de Berlín e os atentados de Nova York: a globalización e os medios de comunicación. A ameaza terrorista nun mundo globalizado. O impacto científico e tecnolóxico. Europa: reto e unión. Trazos relevantes da sociedade norteamericana a comezos do século XXI, tras os atentados do 11-S de 2001») e b) sobre o discurso crítico que foron capaces de desenvolver a partir das estratexias históricas que este estudo proporcionoulles.

A efectos de cuantificación, o valor numérico das rúbricas sería o seguinte:

Segundo o rótulo que alcance cada alumno, asignaráselle o número sinalado, entendendo que quen non realiza as tarefas nin demostra alcanzar o mínimo da rúbrica recibe un 1. Unha vez asignados todos os valores aos rótulos procédese á suma. A cualificación de aprobado atópase entre o 12 e o 24, sendo 24 a máxima. Para obter unha cualificación sobre 10 dividírase o número obtido entre 2,4.



REFERENCIAS



REFERENCIAS



Ballesteros, M. A. (2016): *Yihadismo*. Madrid: La Huerta Grande.

De la Corte, L. (2018): «La Yihad de Europa. Desarrollo e impacto del terrorismo yihadista en los países de la Unión Europea (1994-2017)», *Informe del Centro Memorial de las Víctimas del Terrorismo* (4), 10-50.

Fontecha, R. (2004): «Incidentes y atentados de terrorismo islamista relacionados con España. 1984-2004», en F. Reinares y A. Elorza (eds.): *El nuevo terrorismo islamista*. Del 11-S al 11-M. Madrid: Temas de Hoy, pp. 295-312.

González Calleja, E. (2012): *El laboratorio del miedo: una historia general del terrorismo: de los sicarios a Al Qaeda*. Barcelona: Crítica.

López Romo, R. (2018): *Memorias del terrorismo en España*. Madrid: Los Libros de la Catarata.

Pagazaurtundua, M. (2018): *El libro blanco y negro del terrorismo en Europa*. Bruselas: Parlamento Europeo. Grupo ALDE.

Pujolas, P., Lago, J. R., Riera, G., Pedragosa, O. y Soldevilla, J. (2008): *Algunos recursos didácticos para el aula cooperativa*. Vic: UVIC.

Reinares, F. (2003): *Terrorismo global*. Madrid: Taurus.

Reinares, F. (25 de marzo de 2012). *Coreografía Global del Terrorismo*. Madrid: ARI. Real Instituto Elcano, p. 4.

UNIDADE DIDÁCTICA PARA HISTORIA
DE DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

1º BACHARELATO

